

PLAN DE TRABALLO. HISTORIA.

4º ESO CURSO 2016-2017 IES POETA AÑÓN

1) Libro de texto:

Título: Historia. Serie Descubre. Proxecto SABER

Autor: Varios Autores

Editorial: Santillana OBRADOIRO

2) Temporalización e distribución dos temas:

1ª Avaliación: Unidades: 1, 2, 3 e 4.

2ª Avaliación: Unidades: 5, 6, 7 e 8.

3ª Avaliación: Unidades: 9, 10, 11 e 12.

3) Número de exames:

- Dous exames por avaliación de Historia. (2 unidades do temario por exame).
- Un exame dun libro de lectura por avaliación.

De cada avaliación suspensa haberá unha recuperación en datas posteriores á Avaliación e entrega de notas.

4) Tipo de exames:

* Os exames de materia (Historia) seguirán o modelo que se expón a continuación:

- Pregunta de verdadeiro ou falso. 1 punto.
- Definición de conceptos. 2 puntos.
- Relacionar conceptos. 1 punto.
- Explicar diferencias e semellanzas. 1 punto.
- Comentario dun documento histórico (mapa, texto, gráfico, etc.) 1 punto.
- Resolución de dúas cuestión teóricas e/ou prácticas. 4 puntos (2 cada unha).

5) Exercicios:

Calificaranse os exercicios feitos en clase. De non facelos terase un negativo, que descontará 0'25 puntos. Hai que ter un caderno de clase que sexa de uso exclusivo para esta materia. Nel faranse os exercicios (anotando o número destes,página do libro no que están e copiando o enunciado principal) e os apuntes ou esquemas que se fagan na clase.Tamén pegarase na libreta o material fotocopiado que a profesora entregue. Os cadernos serán revisados unha vez por avaliación e aleatoriamente cada vez que lle corresponda corrixir na aula.

6) Libros de lectura:

Haberá que ler un libro por avaliación do que logo se fará unha proba escrita. Son os seguintes:

1ª avaliación: "Historia de dos ciudades" de Charles Dickens.SERIE CUCAÑA.Editorial Vicens Vives.

2ª avaliación: "O neno do pixama de raias" de John Boyne..

3ª avaliación: "Las bicicletas son para el verano". Fernando Fernán Gómez

7) Cualificación/Criterios:

A nota media dos dous exames será o 70% da nota da avaliación.

A nota da proba sobre o libro de lectura será o 10% da nota da avaliación.

A nota do caderno será o 10% da nota da avaliación

O comportamento en clase (actitude, traballo, etc.) será o 10% da nota da avaliación.

Cada negativo do control de traballo diario, falla de material, exercicios sen fazer, falla de respecto á profesora e aos compañeiros/as descontará 0'25 puntos da nota do comportamento-cuarto criterio de cualificación-.

